

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO DE EXTRACCIÓN DE SEMENTE DE MEXILLÓN EN BANCOS NATURAIS

ANTECEDENTES

1. O día 21/06/2024, AMEGROVE SOCIEDADE COOPERATIVA LIMITADA presenta un escrito no que solicita a modificación do período para a extracción de semente de mexillón en bancos naturais de Galicia polo menos dun mes. No escrito xustifican esta petición nas circunstancias extraordinarias que se están dando nesta campaña, ao igual que na pasada, en canto á recollida de mexilla e a falla dela que hai no sector.
2. O 28/06/2024, solicítase informe aos membros da Comisión do Mexillón; remitindo contestación as seguintes entidades: Asociación de Mejilloneros Profesionales "A Marxa", Amegrove Soc. Cooperativa Galega, "Asmecruz" Sociedad Cooperativa Gallega e Organización de Productores de Mejillón de Galicia "Opmega", Asociación de mejilloneros "San Saturnino" e A Sociedade Cooperativa de mejilloneros de Galicia (SOCOMGAL).
3. O 02/07/2024, o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emite un informe no que indica que non atopa inconveniente en que se modifique de forma extraordinaria o período de extracción da semente de mexillón, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, ata o 15/07/2024, cunha serie de limitacións en canto ás zonas de extracción.
4. Con data do 02/07/2024 a directora territorial da Consellería do Mar na Coruña ditou resolución pola que se acorda modificar, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais do ámbito territorial de competencia da dita dirección territorial, establecendo como período de extracción o comprendido entre o 2 de xullo e o 15 de xullo de 2024, entre as 7:00 e as 20:00 horas; respectando a prohibición de extraer semente de mexillón os sábados, domingos e festivos.
5. O 02/07/2024, AMEGROVE SOCIEDADE COOPERATIVA LIMITADA presentou un escrito no que manifesta que: *"a fecha debería ser aumentada a lo menos ata o día 19 de xullo, pois desta forma se aproveitarían os días de marea, xa que do 15 ao 19 son días hábiles para poder acceder a recolectar nas rochas. (...)".*





6. Con data do 08/07/2024, o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emite un informe no que indica que non atopa inconveniente en que se amplíe o período de extracción da semente de mexillón, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, sendo o último día do prazo concedido o 19/07/2024, coas mesmas limitacións establecidas nas resolucións das direccións Territoriais do día 02/07/2024.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 338/1999, do 3 de decembro, dispón que as condicións das habilitacións para o abastecemento de semente en banco natural, as zonas e períodos de extracción e as cantidades máximas a extraer en cada zona, se regularán mediante Orde da consellería competente en materia de acuicultura.

2. Por Orde do 26 de outubro do 2000 regúlase a extracción de semente de mexillón en bancos naturais, fixando no seu artigo 4 como período de extracción o comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril. Á súa vez establécese que se prohíbe a extracción de semente os sábados, domingos e festivos.

3. A disposición adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 establece que en función das características conxunturais de cada campaña e cando o seguimento e avaliación dos recursos o aconselle, a dirección territorial, dentro do ámbito da súa competencia, poderá modificar as zonas, cantidades e períodos de extracción mediante resolución motivada que deberá ser comunicada aos interesados.

4. A Orde do 22 de decembro de 2021, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024, establece no seu artigo 2: *"Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2022-2024 para a explotación sustentable do percebe, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro A. Os plans de xestión de percebe que inclúen zonas de reserva para a extracción da semente de mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe, e as coordenadas xeográficas das mesmas, se relacionan no cadro B."*

Mediante resolucións da agora directora territorial da Coruña acordáronse medidas de adaptación dos ditos plans de xestión de percebe.

https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla_zonasexclusivaspercebe

5. Consonte ao disposto no informe do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emitido o 02/07/2024: *"[...] resulta destacable ter en conta as condicións especiais acaecidas no inverno 2023-24, no que se alternaron períodos de borrascas consecutivas con fortes chuvias, que provocaron baixadas de salinidade significativas, con períodos nos que as temperaturas estiveron por riba das medias habituais:*





https://www.meteogalicia.gal/observacion/informesclima/informesIndex.action?request_locale=es.

Esta alternancia nas condicións ambientais poden causar alteracións fisiolóxicas que debilitan aos organismos mariños, como é o caso dos moluscos bivalvos, debilitándoos e incrementando a taxa de mortalidade. [...]

Por outra banda, engade que [...] Os resultados dos informes de recontos larvários feitos en colaboración co laboratorio de inmunoloxía (CINBIO) da Universidade de Vigo (UVIGO) e o Centro de Investigacións mariñas (CIMA) amosan un incremento larvários nas Rías Galegas. [...]"

Estes informes pódense consultar no seguinte enlace:

http://www.intecmar.gal/informacion/fito/informes/I_Larvas2.aspx.

Para rematar, indica "[...]estanse a constatar dificultades no crecemento de mexillón unha vez fixada nas cordas colectoras de xeito que se desprende, o que limita a viabilidade do seu cultivo. Cómpre resaltar ademais que este ano estase a detectar un aumento da semente de mexillón nas rochas debido ás altas temperaturas e os períodos escasos de vento do norte nos períodos de máxima liberación das larvas, a diferenza do ocorrido no ano 2023. Esta situación coincide cos resultados dun traballo presentado recentemente por investigadores do IIM-CSIC (Padín et al 2024) [...]"

Por conseguinte, a dita dirección xeral, vistas as solicitudes achegadas e tendo en conta as posibles necesidades concretas para completar o abastecemento de semente de mexillón nalgunhas bateas, informa que cómpre modificar o período de recolección de semente de mexillón en rocha, permitindo a súa extracción ata o 19/07/2024 no marco do disposto na Orde do 26 de outubro do 2000, cunha serie de limitacións en canto ás zonas de extracción.

De acordo coa disposición adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 esta Dirección Territorial é competente para ditar esta resolución.

En base ao exposto,

RESOLVO

1. Modificar, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais do ámbito territorial de competencia desta dirección territorial, establecendo como período de extracción o comprendido entre o 2 de xullo e o 19 de xullo de 2024, entre as 7:00 e as 20:00 horas; respectando a prohibición de extraer semente de mexillón os sábados, domingos e festivos.

Deberán respectarse as zonas de explotación exclusiva de percebe relacionadas na Orde do 22 de decembro de 2021 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024, así como nas resolucións polas que se adoptan medidas de adaptación do plan de xestión de percebe.





2. Non autorizar a modificación do período de extracción de semente de mexillón no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a persoa titular do consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

